



As veciñas e veciños de Barro castigados dobremente polas políticas do PP

Dende xuño de 2011, data na que comezou o mandato do novo goberno municipal, a calidade de vida para as veciñas e veciños de Barro non fixo máis que empiorar. Os gobernos do PP, tanto na Xunta como en Madrid levan tomado innumerábeis medidas encamiñadas todas elas a garantir o negocio da banca e das grandes empresas a costa de empobrecer cada vez máis ás clases populares. Medidas que cargan sobre o pobo as consecuencias dunha crise que provocaron os que agora máis se benefician dela, e que están a provocar cada día máis paro e máis miseria.

Os últimos meses están a ser especialmente duros para o conxunto do pobo: a reforma laboral que facilita e abarata aínda máis o despido, o repago da sanidade, o incremento das taxas universitarias, a intención de reducir becas de estudo, a anunciada reforma das pensións co obxectivo de reducilas máis, o roubo dos aforros das persoas afectadas polas preferentes e subordinadas acometido polo PP coa súa quita, a suba do IVE e do IRPF, o taxazo xudicial que impide a xente con menos recursos ter dereito a xustiza..., son algunhas das medidas tomadas polos gobernos do PP, seguindo as ordes de Bruxelas.

Por se isto fose pouco en Barro o goberno municipal do PP adicouse, no que levamos de mandato, a cargarlle aos veciños e veciñas as consecuencias da súa nefasta xestión ao longo de 30 anos, aprobando unha suba brutal de impostos que, unido ao panorama económico xeral, está a causar moitos



Manifestación contra o saqueo a Galiza

problemas económicos tanto aos veciños e veciñas como aos comerciantes do noso concello.

En Barro sufrimos, pois, dobremente as medidas do PP: as de Rajoy e Feijóo por un lado, e as de Landín polo outro.

O BNG, a alternativa do pobo

Se a nivel nacional o BNG encabezou a loita contra as políticas neoliberais que nos levan á ruína como país e como persoas, opóndose e dando alternativas a cada unha das medidas adoptadas polos gobernos do PP, en Barro fixemos o propio. Dous exemplos poden ilustrar ben a acción política que desde o concello está a levar o BNG para tentar reducir os efectos negativos que as políticas do PP están a ocasionar ao conxunto dos nosos veciños e veciñas:

- Opuxémonos á suba desproporcionada de impostos e pedimos que a revisión catastral e a suba da contribución se aprazase, como fixeron moitos concellos, até que mellore a situación económica para non empobrecer aínda máis aos nosos veciños e veciñas.
- Fixemos propostas concretas para intentar mellorar as condicións de vida dos nosos veciños e veciñas e conseguir para o noso concello a creación de equipamentos e servizos dos que agora carecemos.

“Os veciños e veciñas de Barro estamos a pagar dos nosos petos as consecuencias da mala xestión económica do PP”

P. Chegamos ao ecuador do mandato. Que valoración fas destes dous anos de goberno municipal?

R. Estes dous anos non poden ser máis negativos para os veciños e veciñas de Barro. Continuamos a ser un concello de terceira pola falla de servizos e equipamentos públicos pero pasamos a ser un concello de primeira á hora de pagar impostos.

P. Na campaña electoral o alcalde prometera non “fritirnos a impostos”, a que se debe este cambio de política?

R. Os gobernantes do PP xa nos teñen acostumados ao engano. Se Rajoy está facendo todo o contrario que prometeu en campaña o alcalde en Barro non ía ser menos. A diferenza é que en Barro non pode botarlle a culpa á herdanza recibida, pois a situación do concello é só responsabilidade do PP, que leva gobernando, ou mellor dito, desgobernando, o Concello 30 anos.

P. Ese aumento de impostos está causando problemas aos veciños?

R. Pois claro que si. Temos que ter en conta que todos estamos a sufrir os efectos desta crise e das medidas inxustas que están a aplicar os gobernos de Madrid e da Xunta: recortes nas pensións, nas axudas ás persoas desempregadas e dependentes, as quitas aos afectados por preferentes e subordinadas, o repago sanitario, os desafiuzamentos, a suba do IVE, do IRPF, e o incesante incremento do paro...

Dentro desta situación xeral que o PP de Barro (nalgúns casos co apoio do PSOE) fixera unha suba brutal de impostos estalle a afectar a moita xente que o está a pasar mal, ao igual que a empresas e comercios que tamén padecen unha carga impositiva esaxerada.

P. Pódese facer algo distinto?

R. Pódese, e dende o BNG levámolo dicindo dende hai moito tempo: é imprescindible facer unha boa xestión cos cartos que son de todos e todas. Non pode ser que os cartos que saen dos petos dos veciños sexan malgastados polos gobernos do PP.

Valgan estes exemplos para ilustrar o que digo:

aquí lévase gastado moito diñeiro en pleitos caprichosos contra veciños, en obras sen proxecto que nunca se deron acabado, ou en multas por facer as cousas mal. Fai uns meses sen ir máis lonxe o Concello tivo que aprobar o pago de máis de 20.000 euros para facer fronte a multas doutras administracións (gobernadas curiosamente tamén polo Partido Popular) porque o goberno municipal de Barro cometeu actuacións ilegais.

Tampouco se explica como non se lle cobran os 72.000 euros que debe a empresa que organiza o mercadillo dos domingos, cando esta lle cobra aos vendedores que alí poñen os seus postos.

E mentres se malgasta o diñeiro de todos, en Barro carecemos de moitos equipamentos e servizos públicos básicos cos que contan concellos veciños.

P. Que nos dis das debidas do concello?

R. Ese é outro resultado máis da incapacidade do

PP para xestionar debidamente o Concello. O ano pasado declarou case 1'2 millóns de euros en facturas pendentes de pago ás empresas e ademais existen débedas a diversas entidades sociais e tamén a veciños do noso concello. É inaceptábel, neste sentido, que se lles deba a veciños e veciñas de Barro case 100.000 euros por expropiacións das súas propiedades para facer obras públicas (nalgúns casos dende o ano 2005). Que provoca isto? Pois dous efectos sumamente nocivos: un para os veciños e veciñas afectadas pola débeda que se ten con eles e outro para as arcas municipais, para todos os veciños e veciñas de Barro, pois a cantidade que haberá que pagarlle en intereses no seu momento será sumamente elevado.

P. Por último, que nos podes dicir da política que levou a cabo o BNG neste tempo?

R. Tentamos - e penso que en boa maneira o conseguimos- dar resposta a todas aquelas cuestións que lle afectaron aos nosos veciños e veciñas, desde as



melloras de pistas e camiños, da seguridade vial, da recollida do lixo (coa colocación de máis colectores e unha aposta clara pola reciclaxe) á demanda da cesión dos locais municipais en desuso para que as asociacións poidan desenvolver o seu traballo nas mellores condicións, pasando por todas aquelas cuestións que, sen ser de estrita competencia municipal si lle afectan de forma directa ás veciñas e veciños de Barro, como o tema da eliminación dos xulgados de Paz.

Evidentemente, pola gravidade da situación, a nosa actuación centrouse moito en denunciar as medidas económicas adoptadas tanto polo goberno de Madrid, como da Xunta ou do Concello e que nos empobrecen a todos e todas.

Pensamos que o Concello non pode quedar impasíbel diante de agresións tan graves como o roubo das preferentes e subordinadas, os desafiuzamentos, a reforma e baixada das pensións, a reforma educativa privatizadora que nos retrotrae aos tempos do franquismo, a eliminación das políticas sociais, etc.

Podemos dicir que os temas de máis interese para os veciños e veciñas que aprobou o Pleno do Concello foron a iniciativa do BNG. Outra cousa ben distinta é que o PP os leve á práctica. Pero aí estaremos nós para lembrarllo e para defender políticas favorábeis para os veciños e veciñas de Barro.

“Coas Preferentes o PP espoliou ao pobo”

P. Fálanos das actuacións do BNG no tema das preferentes?

R. O das Preferentes é un roubo en toda regra aos aforros de miles e miles de persoas, moitas delas veciñas nosas. Un roubo que ten uns responsabeis claros e directos, que non son outros que quen realizaron, permitiron, consentiron e avalaron esas prácticas. E de feito moi especial o PP, que aprobou no Congreso unhas quitas que supoñen, nin máis nin menos, que a consumación do roubo de máis do 50% dos seus aforros a máis de 40.000 familias galegas. **Un roubo que, por certo, contou co voto favorábel das deputadas e deputados galegos do PP.**



Xulio Vicente, Portavoz da Plataforma de Afectados do Baixo Miño, con Xosé Manuel Fdez. Abrales no acto organizado en Barro sobre as Preferentes

O BNG afrontou o tema desde distintas perspectivas: a institucional, presentando numerosas iniciativas tanto no Congreso como no Parlamento Galego e no Concello; a social, participando activamente nas mobilizacións convocadas polas Plataformas de Afectados; e a informativa, organizando actos para explicarlle aos veciños e veciñas de forma clara como se chegou a este espolio, quen foron os seus responsabeis e as alternativas posíbeis para a devolución íntegra dos aforros.

**NON É UNHA CRISE,
É UN ROUBO.**

SOMOS MULTITUDE

REBÉLATE!



■ ACTO PÚBLICO:

Venres 12 de xullo ás 21 h.

Biblioteca Pública de Barro

■ MANIFESTACIÓN DÍA DA PATRIA GALEGA:

Xoves 25 de xullo ás 12 h.

Alameda de Santiago de Compostela



Soberanía para Galiza